

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 26 de marzo de 2015

Asistentes:

Aneiros Pereira, Jaime

Arias Martínez, María Antonia

Fernández Acevedo, Rafael

Muleiro Parada, Luis

Pita Grandal, Ana María

Rodríguez Rodríguez, Emma

Torres Pérez, Francisco José

Excusan asistencia:

Pillado González, Esther; Gómez Villaverde, Raúl; Guerrero Gesteira, Isabel

1. Aprobación, se procede, de acta da sesión anterior.

Apróbase acta da sesión anterior.

2.- Informes da Sra. Decana.

2.1.- A Decana informa sobre o proceso de selección dos bolseiros/as de calidade para o curso 2015/2016. A listaxe foi publicada o pasado 19 de marzo. Hoxe mesmo remataba o período de reclamacións. O período de contratación comprende do 4 de maio ata o 30 de novembro a razón de 60 horas mensuais. Cada bolseira/o colaborador/a terá unha carga de traballo de 3 horas diarias de traballo. Do 4 ao 15 de maio a actual bolseira, Lorena, impartiría formación específica aos dous candidatos seleccionados (Isaac Borja Araujo e Carlota Leiras).

Compromiso: Falar coa área de calidade para ver si se pode garantir que os bolseiros estean contratados ata o 15 de decembro.

Prazo: marzo 2015.

2.2.- A Decana informa sobre a mensaxe da área de calidade e da UEP en prol dunha maior transparencia na información dos currículo vitae dos profesores nas web. Jaime Aneiros fai referencia a necesidade de que tal información breve figure na propia ficha que cada profesor ten na web.

Compromiso: Solicitar do profesorado un cv abreviado con docencia, liñas de investigación e principais publicacións. Non obstante sería convinte tamén un link ao cv longo.

Prazo: abril 2015

2.3.- A Decana informa sobre unha mensaxe da área de calidade conforme temos que revisar que as competencias que figuran nas guías docentes e nas memorias dos títulos. Jaime Aneiros di que xa estamos traballando nesta cuestión.

2.4.- A Decana informa sobre o sistema de QSP centralizado. Ínstase aos centros a substituír o seu sistema polo centralizado.

Compromiso: Incluír na nosa páxina un link ao sistema centralizado

Prazo: antes do final de curso 2014/2015

2.5.- A Decana informa que para promover a participación nas enquisas de avaliación do Centro, elaborárase polo Decanato un aviso para que tódolos responsábeis de títulos e os responsables do PAT fagan promoción na participación en tales enquisas.

Compromiso: Redacción do escrito e turnalo aos profesores responsabeis do PAT e dos Mestrados, e a todo o profesorado da facultade.

Prazo: abril 2015

3.- Aprobación, se procede, da nova normativa de TFG.

A Decana informa sobre as principais modificacións na nova normativa do Centro para o TFG que foi aprobada na derradeira reunión da comisión de TFG. Trátanse de modificacións que favorecen ao alumnado polo que entrarán en vigor inmediatamente. Se publicará na páxina web do Centro y, ademais, comunicará por correo electrónico a todo o profesorado para que se comunique aos titorizados.

Apróbase por asentimento.

Compromiso: Publicar na web do Centro a nova normativa do TFG e facer a comunicación ao profesorado.

Prazo: abril 2015.

4.- Aprobación, se procede, das alegacións feitas á modificación do título de grao en RRL e RRHH.

Modificouse o título de grao en RRL e RRHH. En tempo e forma, fixéronse alegacións e a ACSUG xa as admitiu.

Apróbase por asentimento.

5.- Aprobación, se procede, da decisión de someter a acreditación voluntaria o título de grao en RRL e RRHH no curso 2015/2016.

No primeiro trimestre do 2016 someteremos, obrigatoriamente, a acreditación o Master en Avogacía. Desde o área de calidade solicítanos si podemos someter voluntariamente a acreditación no 2016 o grao en RRL e RRHH. De ese xeito non se saturaría tanto o curso 2016/17 onde obrigatoriamente irán a acreditación o resto dos títulos (Máster en Dereito de Empresa e Grao en Dereito –conxuntamente con Ourense-).

Apróbase por asentimento.

6.- Aprobación, se procede, do Plan de Melloras de Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social.

Infórmase, por parte da Decana, que o Plan de Melloras elaborouse polo coordinadora e o secretario do Máster, e, con posterioridade, no que atinxe ao SGIC foi modificado pola Decana e o Coordinador de Calidade asesorados polos técnicos da Área de Calidade.

No Plan de Mellora fíxose fincapé no que ten que ver co SGIC do Centro definindo correctamente os responsábeis de seguimento e execución de cada unha das medidas de mellora previstas.

Apróbase por asentimento.

7.- Informe sobre a proposta do Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social de nova Coordinadora e Secretaria do dito título.

A Decana informa sobre a celebración da CAM do Máster celebrada o pasado 23 de marzo no que se nomea unha nova CAM presidida por Dna. Helena Martínez Hens e onde figura como Secretaria Dna. Teresa Estévez Abeleira.

Nesta CAM detéctase un erro dado que o profesor D. Javier de Vicente Remesal figura como integrante da CAM en calidade de representante da CGC cando o citado profesor non forma parte da CGC. Solicítase a modificación deste erro.

Infórmase favorablemente por esta Comisión.

8.- Aprobación, se procede, do novo Manual de Calidade do Centro.

A Decana solicita a retirada deste punto, dado que o Manual atópase agora en fase de revisión técnica por parte da Área de Calidade e con posterioridade se revisará a nivel interno nunha reunión da CGC con técnicos de tal área.

Compromiso: levar o Manual de Calidade a seguinte Comisión de Calidade.

Prazo: abril/maio 2015.

9.- Intervención da coordinadora do Máster en Avogacía, Profa. Dna. María Antonia Arias.

Dna. María Antonia Arias informa sobre a recepción do informe provisional de seguimento favorable por parte da ACSUG.

A modo de resumo. Valórase moi positivamente a información pública; a fortaleza das prácticas externas e información do TFM. Como debilidades apúntanse certos aspectos relacionados coas diversas páxinas web e a súa coordinación.

Como colofón, no citado informe, destácase o proceso de análise e mellora continua por parte do título.

En relación coas recomendacións para a mellora, sublíñanse certos aspectos relativos a: discrepancia entre o número de créditos publicado na páxina e na memoria do título; a necesidade de xustificación do título respecto a determinados parámetros; e, en relación coas competencias, que se debe analizar a baixa satisfacción do alumnado nas enquisas, así como analizar o grao de satisfacción dos empregadores -valerían os informes das prácticas externas por parte dos titores externos-, así como analizar taxas de éxito na proba de acceso.

Así mesmo, recoméndase, incidir na comisión de coordinación entre ambas facultades.

En relación do SGIC, recomendase informar sobre o porcentaxe de participación dos diferentes grupos de interese nas enquisas de satisfacción do título.

A Decana recomenda facer unha alegación para deixar claro que o título xestionase por dúas Facultades a de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo e de Facultade de Dereito de Ourense.

Compromiso: Facer a citada alegación.

Prazo: abril 2015.

10.- Aprobación, se procede, de recomendacións para a mellora da coordinación do Máster en Avogacía e para a Comisión

10.1.- En relación cos problemas detectados no desenvolvemento do Máster (ver anexo), a Coordinadora, María Antonia Arias, expón que certos problemas xa se teñen corrixido neste curso 2014/2015 e adoptado solucións para o vindeiro curso académico. Por exemplo:

En relación co número excesivo de materias, indícase que a solución está en curso dado que para o vindeiro curso académico limitárase o número de profesores por materia.

Respecto a disparidade de horarios, tense decidido racionalizar os horarios agrupando materias sempre nunha mesma franxa horaria.

10.2.- Non obstante, esta Comisión fai unha serie de **recomendacións para a mellora da Coordinación do Máster en Avogacía:**

- Primeira.- Lembrar ao profesorado que a metodoloxía de ensinanza é a de resolución de casos prácticos. Deberíanse eludir explicacións teóricas. O estudo dos aspectos mais teóricos da materia serían obxecto de traballo autónomo do alumnado con carácter previo á celebración da sesión presencial.
- Segunda.- Afondar na coordinación das materias tanto nos aspectos da súa programación como en aspectos relativos a súa avaliación.
- Terceira.- Estudar a posibilidade dun Curso de oratoria para o alumnado do máster. O curso poderíase celebrar unha vez finalizado o período de inscrición.
- Cuarta.- A efectos de acreditación recoméndase a unificación de tódalas normativas. En particular, da normativa de TFM.
- Quinta.- Que os horarios do primeiro e segundo cuatrimestre do Máster sexan publicados na web ao longo do mes de xullo.
- Sexta.- Recomendar a Presidenta das CAM de Vigo e Pontevedra que os membros de ambas comisións representantes da UVigo sexan os mesmos; así como o coordinador das diferentes materias.

10.3.- Por outra banda, a Comisión plantexa unha serie de **recomendacións á Comisión de Coordinación do Título:**

- Primeira.- Uniformizar e coordinar as guías docentes das materias.
- Segunda.- Afondar na coordinación das diferentes materias.
- Terceira.- Posta en común dos problemas detectados no PAT e propostas para a súa solución.
- Cuarta.- Unificar criterios e directrices de POD.

11.- Rolda aberta de intervencións.

Non hai intervencións

Levántase a sesión as 19.00 horas de día sinalado, do que dou fe como secretario.

O Secretario

Visto e prace

Francisco José Torres Pérez

Ana María Pita Grandal

Coordinador de Calidade

Decana